

ACTIVIDADE TRATAMENTO:

18. REXISTRO DE DEPUTADAS E DEPUTADOS

RESPONSABLE

Parlamento de Galicia.

[http:// www.parlamentodegalicia.gal](http://www.parlamentodegalicia.gal)

Enderezo postal: Rúa Hórreo nº 63. 15701. Santiago de Compostela

Correo electrónico ao que tamén poder dirixirse no suposto de querer exercitar os dereitos de acceso, rectificación, oposición, limitación ou supresión: pdcp@parlamentodegalicia.gal

Teléfono: 981 551 300

DELEGADA DE PROTECCIÓN DE DATOS

Letrada do Parlamento de Galicia, D^a María Aneiros González

Dirección postal: Rúa Hórreo nº 63. 15701. Santiago de Compostela

Correo electrónico: dpd@parlamentodegalicia.gal

BASE XURÍDICA DO TRATAMENTO

Cumprimento de obrigas legais ou dunha misión realizada no exercizo de poderes públicos (art. 6.1.c., e. do RXPDP).

FINS

Xestión das bases de datos das deputadas e deputados, nas que se inclúen, entre outros, datos biográficos, afiliación política e a súa declaración de bens e actividades, e a publicación de determinados datos na páxina web do Parlamento de Galicia e no seu Boletín Oficial.

CATEGORÍAS DE INTERESADOS

Deputadas e deputados.

CATEGORÍAS DE DATOS PERSOAIS

Datos persoais: Datos de carácter identificativo: nome, apelidos, dirección, teléfono, DNI/NIF, pasaporte ou calquera documento acreditativo de identidade, e número da Seguridade Social. Correo electrónico. Sinatura electrónica. Imaxe.

Datos de características persoais: datos de estado civil, datos de familia, data de nacemento, lugar de nacemento, idade, sexo e nacionalidade. Tarxeta sanitaria. Circunstancias sociais, profesionais. Datos de afiliación política e sindical.

Datos de detalles profesionais: Datos académicos, formación, traxectoria profesional .

Datos económicos e de seguros: ingresos/rendas, datos bancarios, plans de pensións/xubilación, datos económicos de nómina, datos de deducións impositivas/impostos e seguros. Datos patrimoniais.

DESTINATARIOS

Os datos de carácter persoal comunicaranse, para o cumprimento dos fins descritos, a entidades bancarias, á Seguridade Social, beneficiarios das pólizas de seguro e de accidentes e o plans de previsión social empresarial que, no seu caso, sexan designados expresamente polos deputados e deputadas.

O nome, apelidos e fotografía das e dos Deputados serán publicados na páxina web, así como os datos políticos e biográficos autorizados expresamente. So se publicarán se existe un acordo expreso da Mesa do Parlamento no ámbito das súas respectivas competencias.

Non están previstas transferencias internacionais de datos.

CONSERVACIÓN DOS DATOS

Conservaranse de maneira indefinida con fins de arquivo.

MEDIDAS TÉCNICAS E ORGANIZATIVAS DE SEGURIDADE

Avaliación de risco: As medidas de seguridade implantadas para garantir a seguridade dos datos de carácter persoal correspóndense coas previstas no Anexo II (Medidas de seguridade) do Real Decreto 3/2010, de 8 xaneiro, polo que se regula o Esquema

Nacional de Seguridade no ámbito da Administración Electrónica, e o Real Decreto 951/2015, de 23 outubro, de modificación do Real Decreto 3/2010.

Responsable de seguridade TIC: Oficialia Maior. Servizo de Tecnoloxías da Información.

Procedementos e sistemas de seguridade: conforme ao disposto na normativa interna de aplicación: “Política de Seguridade da Información do Parlamento de Galicia”.